

ENTREVISTA EN RADIO OBRADOIRO

Un libro en galego e unha flor para o Día de Rosalía

11.02.2015 De cara á conmemoración do 24 de febreiro, aniversario do nacemento da poeta, a AELG propón a iniciativa 'Eu son Rosalía', que convida á sociedade a gravar vídeos que a homenaxen á autora // A Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega tamén convida a cidadanía a agasallar unha obra en galego e unha flor, segundo explicou en Radio Obradoiro o presidente do colectivo, Cesáreo Sánchez

SANTIAGO. RO

A Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega está xa a preparar as actividades con motivo da conmemoración do Día de Rosalía o vindeiro 24 de febreiro. O acto central da [AELG](#) será o día 22 en San Domingos de Bonaval, en Santiago, pero o colectivo deseñou ademais un completo programa para render tributo á gran poera galega. Cesáreo Sánchez, presidente de AELG, explicou en [Radio Obradoiro](#) que, de cara á conmemoración do 24 de febreiro, aniversario do nacemento da poeta, propoñen a iniciativa 'Eu son Rosalía', que convida a colexios, institucións, asociacións, persoeiros da cultura galega e particulares a gravar vídeos que a homenaxen á autora. "Trátase dunha autogravación na que explicar por que nos sentimos dentro da obra de Rosalía. É unha forma de invitación á lectura da nosa poeta", explicou. de Ademais, a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega tamén convida a cidadanía a agasallar o 24F un libro en galego e unha flor.